

Referencia:	2022/3130N
Procedemento::	Procesos de selección de personal funcionario interino o laboral temporal mediante procedimiento ordinario
Interesado:	
Representante:	

**PROBAS SELECTIVAS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL DA CATEGORÍA DE MONITOR/A DEPORTIVO/A AO SERVIZO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

**ACTA 4. FASE DE OPOSICIÓN. PROPOSTA DE ELABORACIÓN DA PROBA PRÁCTICA E CONVOCATORIA PARA A SÚA REALIZACIÓN**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial, ás 16:00 horas do día 29 de xullo de 2022, procédese á constitución do tribunal que xulgará o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de contratación de persoal laboral da categoría de monitor/a deportivo/a ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, segundo bases aprobadas por Resolución da Presidencia do 16 de marzo de 2022 e publicadas no BOP do día 22 de marzo de 2022.

Estando presentes os membros do tribunal que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quorum, queda constituído na seguinte forma:

Presidente: dona M.<sup>a</sup> de los Ángeles Cantón Álvarez

Vogais: don Alberto González Cruz, don José Domarco Piñeiro e don José Antonio Fernández Álvarez

Secretario: don Esteban Fernández Álvarez

A presidenta do tribunal explica o proceso da fase de oposición que consistirá na realización dunha proba práctica que estará relacionada de xeito directo cos cometidos propios do posto de traballo que se vaian a desempeñar coa categoría de monitor/a deportivo, así como no temario previsto no anexo III das bases reguladoras do procedemento, (BOP n.º 66, do 22 de marzo de 2022). Será determinada polo tribunal de selección na mesma data da súa realización, no marco do previsto nestas bases. As actuacións desenvolvidas na reunión na que se estableza o contido da proba para realizar, recolléranse na acta correspondente.

Valorarase a formación e o grao de coñecementos amosados no desenvolvemento da proba. O tempo máximo de desenvolvemento para realizala será de dúas horas. A puntuación máxima que se lle pode outorgar á proba práctica será a de 30 puntos (Equivalente ao 60% do valor máximo alcanzable no proceso selectivo). A puntuación necesaria para superar esta fase será a metade da máxima establecida.

A corrección da proba será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación no prazo máximo de cinco días hábiles, excepto que concorran causas excepcionais que o impidan, suposto no que, tras a autorización expresa previa da Presidencia, o dito prazo poderá prorrogarse ata un máximo de dez días naturais. Nesta mesma publicación, incluírase a proposta de resolución formulada polo tribunal. Convocarase ao tribunal para o efecto.

O tribunal acorda **convocar ás persoas candidatas para a realización da proba práctica, no Pazo dos Deportes “Paco Paz” da Deputación Provincial de Ourense (Finca Sevilla n.º 41, 32005 Ourense) o día 09 de agosto de 2022, martes, ás 16:30 hs.** Deberá acudirse provisto do seu DNI

Finalmente, o tribunal constituirase previamente na mesma data da proba, ás 15:30 hs, para a confección da proba práctica, cuxo contido será custodiado polo secretario do dito tribunal ata o acto de inicio de realización dela.

E ás 16:30 horas, dáse por finalizado o acto, asinando os que interveñen. Dou fe.